

INFORME XP 26.001 SOBRE O PLAN BÁSICO MUNICIPAL DO CONCELLO DE PORQUEIRA (OURENSE)

O artigo 2.1.a) do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, atribúe a este órgano, sen prexuízo das competencias expresamente atribuídas a outros órganos consultivos no eido da Comunidade Autónoma de Galicia e nos termos previstos na súa lexislación reguladora, a competencia para emitir os informes que, con carácter preceptivo, veñan esixidos, expresamente, pola normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

O artigo 64.4 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (no sucesivo, LSG) establece que *"a persoa titular da consellaría competente en materia de urbanismo procederá á aprobación definitiva do plan básico municipal, logo do informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo"*.

Este informe debe emitirse pola Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo en virtude do previsto na disposición derradeira terceira do Decreto 36/2022, do 10 de marzo.

De conformidade co exposto, emítese este informe sobre o Plan Básico Municipal do Concello de Porqueira.

I. ANTECEDENTES

1. O 20.09.2017 o Concello de Porqueira remitiu un escrito á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo no que solicitaba a redacción do Plan Básico Municipal (PBM) do seu termo municipal por parte da consellería competente en materia de urbanismo.

2. O Concello de Porqueira, de menos de 5.000 habitantes (806 habitantes no ano 2025 segundo a información do Instituto Nacional de Estatística) e dispón das seguintes figuras de planeamento urbanístico con aprobación definitiva (AD), se ben ningunha delas teñen a condición de planeamento urbanístico xeral:

- Delimitación de solo de núcleo rural de San Lourenzo, con aprobación definitiva do 01.06.2017 (DOG 10.07.2017).
- Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións no ámbito da Forxa, con aprobación definitiva do 07.07.2017 (DOG 21.08.2017).

3. En atención ao exposto, o Concello de Porqueira cumpre cos requisitos que o artigo 63.1 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* esixe para poder redactar un Plan Básico Municipal no seu termo municipal.

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



II. MARCO NORMATIVO

Na redacción e tramitación do PBM tense en conta, ademais da normativa sectorial aplicable, a seguinte normativa urbanística autonómica:

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG).
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, RLSG).
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (en diante PBA).
- Orde do 10 de outubro de 2019, pola que se aproban as Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (en diante NNTTPP).

O artigo 63.1 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, define os plans básicos municipais como *"os instrumentos de planeamento urbanístico dun termo municipal completo, que se redactarán en desenvolvemento do Plan básico autonómico para os concellos de menos de 5.000 habitantes que non contén cun instrumento de planeamento xeral ..."*.

Os referidos plans teñen por obxecto *"... a delimitación dos núcleos rurais existentes e dos terreos que reúnan os requisitos exixidos para ser clasificados como solo urbano consolidado. Os plans básicos municipais categorizarán o solo rústico, segundo as delimitacións das afeccións establecidas no Plan básico autonómico."*

O Plan básico autonómico foi aprobado polo Decreto 83/2018, do 26 de xullo (DOG 27.08.2018) e por Resolución da Dirección Xeral de Urbanismo do 15.12.2025 aprobouse a súa novena actualización (DOG 18.12.2025), coa corrección de erros do 13.01.2026 (DOG 27.01.2026).

O procedemento para a aprobación do PBM regúlase no artigo 64 da LSG e no artigo 156 do RLSG.

III. TRAMITACIÓN

1. O 15.07.2020 a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo solicitou iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada do PBM de Porqueira. Xunto coa solicitude, envía o borrador do plan e o documento ambiental estratéxico, que cumpre co contido regulado no artigo 29 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



2. O 22.07.2020 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático inicia o período de consultas previas á formulación do Informe ambiental estratéxico (IAE), polo prazo de dous meses.

Constan nese trámite as seguintes consultas recibidas:

- Augas de Galicia
- Instituto de Estudos do Territorio
- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
- Dirección Xeral de Patrimonio Natural
- Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal (Servizo de Montes de Ourense)
- Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural (Servizo de Infraestruturas Agrarias de Ourense)
- Axencia Galega de Infraestruturas (AXI)
- Particular
- Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (recibida logo da emisión do IAE)

Segundo consta no IAE, tamén se realizaron consultas previas á Dirección Xeral de Defensa do Monte, á Deputación provincial de Ourense e ao Concello de Porqueira, se ben estes organismos non responderon.

3. Tras este período de consultas previas, o 20.10.2020 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático emitiu a resolución pola que se formula o IAE do PBM de Porqueira (DOG 03.11.2020), no que conclúe non someter ao procedemento de avaliación ambiental ordinaria a este PBM.

4. Con independencia do trámite ambiental e con carácter previo á aprobación inicial do PBM, o 13.08.2020 solicitouse informe á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) que foi recibido o 30.09.2020.

Ademais, o 17.11.2020 solicitouse un certificado do Catastro Mineiro relativo aos dereitos mineiros no concello de Porqueira que foi recibido o 25.11.2020.

5. O PBM de Porqueira foi aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 27.05.2021.

O documento foi sometido a información pública por un prazo de dous meses contados a partir da publicación do anuncio da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



Urbanismo do 28.05.2021 no DOG núm. 113 do 16.06.2021, así como en dous dos xornais de maior difusión na provincia (La Región y La Voz de Galicia) na mesma data.

O documento estivo dispoñible para a súa consulta no Servizo de Urbanismo da Xefatura territorial de Ourense (hoxe Departamento territorial de Ourense), no Concello de Porqueira e na web de documentos en información pública da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (hoxe):

<https://vivendaeinfraestructuras.xunta.gal/transparencia/procedementos-informacion-publica/urbanismo-territorio>

7. O 28.05.2021 solicitáronse os informes sectoriais previos á aprobación definitiva ás administracións competentes afectadas, así como o informe determinante do concello de Porqueira.

Na mesma data enviouse a comunicación preceptiva prevista no artigo 189 da Lei 3/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas e a prevista no artigo 101 da Lei 5/2011, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

8. Foi recadado o pronunciamento favorable ou favorable condicionado dos seguintes organismos ou administracións (indícase unicamente a data de recepción do último informe de cada organismo):

ORGANISMO/ADMINISTRACIÓN	Data de recepción do informe
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior	01.06.2021
Secretaría de Estado de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana. Subdirección General de Planificación, Red Transeurope Logística	07.06.2021
Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Ourense (enerxía)	10.06.2021
Ministerio de Defensa	14.06.2021
Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Ourense (minas)	25.06.2021
Instituto de Estudos do Territorio. Servizo de Planificación da Paisaxe	13.07.2021
Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático. Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación	21.07.2021
Delegación del Gobierno.	02.08.2021
Dirección General de Política Energética y Minas	02.08.2021
Delegación Provincial de Economía y Hacienda en Ourense	02.08.2021

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



Consellería de Facenda e Administración Pública. Subdirección Xeral do Patrimonio	02.08.2021
Dirección Xeral de Patrimonio Natural	07.09.2021
Concello de Porqueira	12.11.2021
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	19.01.2022
Deputación Provincial de Ourense	21.02.2022
Augas de Galicia	25.03.2022
Axencia Galega de Infraestruturas	10.06.2022 07.06.2024 (achegan unha actualización da normativa)
Confederación Hidrográfica del Miño-Sil	27.05.2025 06.03.2026
Secretaría General de Telecomunicaciones y Ordenación de los Servicios de Comunicación Audiovisual	23.09.2025
Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense	12.12.2025

Asemade, por indicación da Dirección General de Política Energética y Minas, o 03.08.2021, o 07.11.2021 e o 09.03.2021 consultouse a UFD Distribución Electricidad SA, como empresa que exerce as actividades de transporte e suministro de enerxía eléctrica no concello, sendo que UFD respondeu o 01.11.2021 e o 24.02.2022 aos dous primeiros escritos da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

En todo caso, o PBM de Porqueira integra as liñas eléctricas que constan identificadas no Plan básico autonómico de Galicia.

9. Respecto dos informes da Confederación Hidrográfica do Miño – Sil recibidos os días 27.05.2025 e 06.03.2026, as conclusións 1 a 4 do segundo substitúen ás conclusións 8 a 12 do primeiro. Á vista disto e de cara á aprobación definitiva do documento, deben terse en conta o seguinte pronunciamento do organismo sectorial (transcrito en letra cursiva) no informe recibido o 27.05.2025 que ten carácter favorable condicionado:

“2. El pronunciamiento favorable en cuanto a la disponibilidad jurídica de agua a techo de planeamiento para el abastecimiento del núcleo de 0604 Soutelo, que queda condicionado a la obtención de la modificación de características que se está tramitando de la concesión A/32/18620, ampliando su caudal a más de 1.007,40 m3/año.”

Á vista disto, non conta con pronunciamento favorable do organismo de cunca o núcleo rural 0604 Soutelo.

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal

10. O 12.11.2021 recibíuse un certificado municipal no que se indica que na sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Porqueira celebrado o día 28 de setembro de 2021, adoptouse o acordo de aprobación de conformidade co PBM por unanimidade.

11. Durante o período de información pública, recibíronse un total de 19 alegacións; 18 delas foron presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Porqueira e outra tivo entrada no rexistro xeral da Xunta de Galicia, formando parte do informe emitido polo organismo UFD Distribución de Electricidad S.A.

Consta no expediente un informe das alegacións recibidas, asinado o 09.03.2026 Asemade, consta no documento do PBM un anexo¹ xustificativo da súa integración que se avalía nun punto posterior deste informe.

Considerando o total de alegacións recibidas, foron estimadas total ou parcialmente arredor do 94%, segundo os datos que constan no expediente:

Total	19	100%
Estimadas	8	42,10%
Estimadas parcialmente	10	52,63%
Desestimadas	1	5,27%

IV. INFORME

1. O documento para a aprobación definitiva do PBM de Porqueira datado en marzo de 2026 componse de dúas carpetas comprimidas, unha para cada soporte dixital preceptivo (PDF e editable):

- 32062_PBM_202603_AD_01PDF
- 32062_PBM_202603_AD_02EDIT

Acredítase a coincidencia entre soportes mediante declaración responsable asinada electronicamente polo equipo redactor, segundo o modelo do anexo 9 das NNTTPP.

2. En cumprimento do artigo 63.3 da LSG e do artigo 150 e seguintes do RLSG, o PBM de Porqueira conta cos seguintes documentos:

¹ No anexo xustificativo contabilizáronse as distintas solicitudes feitas nunha mesma alegación de xeito individualizado polo que constan 23 solicitudes xustificadas (8 estimadas (34,78%), 10 estimadas parcialmente (43,48%) e 5 desestimadas (21,74%)).

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



- a) Memoria xustificativa das súas determinacións (cartafol 01.MX)
- b) Análise do modelo de asentamento poboacional (cartafol 02.AMAP)
- c) Planos de información (cartafol 03.PINF)
- d) Planos de ordenación urbanística (cartafol 04.PORD)
- e) Catálogo de elementos que se deben protexer (cartafol 05.CAT)
- f) Normativa urbanística (cartafol 06.NU)

Ademais, en relación con outra normativa aplicable:

- Incorpora a documentación do trámite ambiental estratéxico simplificado (cartafol 07.AAE):
 - Documento ambiental estratéxico
 - Alternativas ambientais 0, 1 e 2
 - Informe ambiental estratéxico
 - Extracto ambiental e as medidas de seguimento
- Inclúe a zonificación acústica do territorio, ao abeiro da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído e do Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas e do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia (cartafol 04.PORD).
- Contén un estudo da paisaxe, ao abeiro do Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (cartafol 01.MX, como anexo á memoria xustificativa).
- Incorpora unha ficha de vixencia de planeamento, segundo o modelo do anexo 7 das NNTTP (cartafol 01.MX, como anexo á memoria xustificativa).
- No tocante á normativa en materia de accesibilidade, o PBM é un documento non propositivo, sen documento económico, cuxas atribucións están limitadas ao recoñecemento das realidades existentes, polo que non formula propostas alternativas a itinerarios peonís adaptados, nos termos indicados no artigo 16 do Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. No tocante á toma en consideración no PBM de Porqueira do resultado da súa tramitación urbanística, logo da súa aprobación inicial, constan dous anexos á memoria xustificativa (cartafol 01.MX) nos que se acredita:

- A integración das consideracións e observacións emitidas nos informes sectoriais recibidos, así como no informe determinante do Concello de Porqueira (arquivo 32062_PBM_202603_AD_MX_03.4ANX_INFSEC).
- A integración das alegacións recibidas durante o período de información pública, (arquivo 32062_PBM_202603_AD_MX_03.5ANX_ALEGAC), no que se describe o solicitado e se argumenta e resolve sobre a súa estimación, estimación parcial ou desestimación.

En cumprimento da lexislación aplicable en materia de protección de datos, as alegacións recibidas codificáronse no devandito anexo mediante a expresión L7_001, L7_002... (lote 7 do contrato e numeración correlativa) e incorporouse para a súa identificación o número de rexistro, o DNI/NIF anonimizado, o núcleo/lugar e a parroquia, de ser o caso.

Asemade, no apartado 10 da memoria xustificativa (arquivo 32062_PBM_202603_AD_MX_02XUS) tamén se xustifica a integración dos informes sectoriais recibidos antes da aprobación inicial.

4. En relación coas determinacións reguladas no artigo 63.2 da LSG e no artigo 149 do RLSC, o PBM de Porqueira:

- Non clasifica ningún ámbito como solo urbano consolidado de acordo co artigo 63.2.b da LSG e 149.b do RLSC, dado que o marcado carácter rural dos seus asentamentos fai que estes encaixen mellor na definición de solo de núcleo rural.
- Delimita 31 núcleos rurais (artigo 63.2.a da LSG e 149.a do RLSC) nun total de 6 parroquias, dos que, segundo as fichas da AMAP, 17 son tradicionais (3 de tipo polinuclear), 1 é común de tipo polinuclear e os 13 restantes combinan partes tradicionais e comúns (2 de tipo polinuclear).

O PBM de Porqueira non declara subsistente a delimitación de solo de núcleo rural de San Lourenzo, aprobada definitivamente o 01.06.2017 (DOG 10.07.2017), dado que opta por actualizar a súa delimitación, adaptándoa á realidade física e parcelaria existente.

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



- Delimita o solo rústico e as súas distintas categorías, tanto o solo rústico de protección ordinaria como os solos rústicos de especial protección resultantes da aplicación das lexislacións sectoriais con incidencia sobre Porqueira (artigo 63.2.c da LSG e 149.c do RLSG), tendo en conta as afeccións sectoriais delimitadas no PBA, e as consideracións establecidas nos informes e consultas sectoriais recibidos.
- Declara subsistente (artigo 63.1 da LSG e 148.1 do RLSG) o Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións no ámbito da Forxa, con aprobación definitiva do 07.07.2017 (DOG 21.08.2017).
- Fixa o trazado da rede viaria pública existente e precisa o largo das vías e a sinalización de aliñacións (artigo 63.2.d da LSG e 149.d do RLSG).
- Contén unha normativa urbanística que reproduce no seu anexo I as ordenanzas reguladoras do Plan Básico Autonómico que resultan de aplicación para o territorio municipal de Porqueira (artigo 63.2.e da LSG e 149.e do RLSG).

Sen prexuízo disto, o PBM incorpora o seu propio texto articulado que regula condicións específicas para as infraestruturas de servizos co gallo de dar cumprimento á normativa vixente en materia de telecomunicacións (artigo 149.e do RLSG).

- Segundo consta no Catálogo de Patrimonio Cultural do PBM, o documento cataloga 3 bens de interese cultural (dous deles son escudos) e 161 bens catalogados:

Clasificación	Tipo	Nº elementos PBM	Afeccións**
Bens de Interese Cultural	Arqueolóxico	1	Delimitación e contorno de protección
	Artístico*	2	Delimitación e contorno de protección
Clasificación	Tipo	Nº elementos PBM	Afeccións
Bens catalogados	Arqueolóxico	12	Delimitación e contorno de protección
	Arquitectónico	48	Delimitación e contorno de protección
	Etnolóxico	101	Delimitación e contorno de protección

* Trátase de dous escudos con condición de ben de interese cultural de conformidade co artigo 83.3 da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia. Un forma parte do elemento 2.3.005 e outro do elemento 2.3.006.

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



**A maiores, tamén identifica o contorno de protección de 4 bens catalogados en concellos limítrofes con afección sobre o Concello de Porqueira.

5. O PBM xustifica a integración das determinacións do Informe Ambiental Estratéxico na documentación da avaliación ambiental estratéxica (carpeta 07.AAE, arquivo 32062_PBM_202603_AD_AAE_05IAE) que reproduce o contido do IAE e explica o xeito no que se lle ten dado cumprimento ás súas consideracións.

6. A tramitación do PBM de Porqueira seguiu o procedemento regulado no artigo 64 da LSG e no artigo 156 do RLSG. A súa documentación cumpre co contido mínimo regulado no artigo 63.3 da LSG e no artigo 150 e seguintes do RLSG e coas determinacións establecidas nos artigos 63.2 da LSG e 149 do RLSG.

A este respecto, no artigo 64.4 da LSG posibilitase a aprobación parcial do plan básico municipal, cando existan deficiencias que afecten a áreas ou determinacións tan concretas que, prescindindo delas, o planeamento se poida aplicar con coherencia. A parte obxecto de reparos quedará en suspenso ata a emenda das deficiencias e nela resultará aplicable o réxime transitorio establecido nesta lei para os municipios sen planeamento urbanístico xeral.

7. En conclusión e de conformidade co informe emitido o 10.03.2026 pola Subdirección xeral de Urbanismo e a Subdirección xeral de Apoio Xurídico e Xestión Económica, o PBM de Porqueira é un documento completo e axustado á lexislación vixente aos efectos de acadar a súa aprobación definitiva parcial, logo do informe favorable do Pleno da Xunta Consultiva en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

En virtude do exposto, infórmase favorablemente o Plan básico municipal do concello de Porqueira, con carácter previo á súa aprobación definitiva parcial pola persoa titular da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, deixando en suspenso o solo de núcleo rural 0604 Soutelo ata que se dea cumprimento ao indicado no informe da Confederación hidrográfica do Miño-Sil recibido o 27.05.2025.

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal

